

SESIÓN ORDINARIA DO COMITÉ DE CALIDADE DA ESCOLA DE DOUTORAMENTO INTERNACIONAL DA USC (EDIUS) DO DÍA 28 DE MARZO DE 2025

Dá comezo a xuntanza ás 10:00 horas, coa orde do día indicada e coa presenza dos seguintes membros: Pablo Taboada; Miguel Tüñez; Ana Porto; Carolina López; José Manuel Cifuentes; Margarita Estévez Saá; Isabel Neira Gómez; Eva Rodil Rodríguez.

ORDE DO DÍA

1. Aprobación acta anterior
2. Informe do equipo directivo da EDIUS
3. Informe modificación de programas de doutoramento
4. Rogos e Preguntas

1. Aprobación, se procede, da acta anterior

Apróbase a Acta da Comisión 19/11/2024.

2. Informe do equipo directivo da EDIUS

O Director informa que está aberto o período de presentación de candidaturas do 18 o 27 de abril ao Comité de Dirección.

A Comisión de Calidade, como órgano de resolución de conflitos, deberá reunirse para tratar as denuncias de acoso laboral de varias persoas matriculadas no doutoramento.

3. Informe das memorias para a modificación de programas de doutoramento para a súa implementación no curso académico 2026/2027.

3.1. Agricultura e Medio Ambiente para o desenvolvemento

Informe desfavorable, sendo necesarias as seguintes correccións:

- Concretar se se require un nivel B1 ou B2 en inglés como requisito de acceso, en concordancia coa documentación de admisión requirida.
- No apartado “Criterios de admisión do Programa de Doutoramento” indícase que computará un 20 % a pertenza a unha universidade ou centro de investigación asociado a este programa de doutoramento co que xa exista un convenio de colaboración, ou contar cun proxecto financiado. Este criterio pode incorrer na vulneración dos principios de concorrència competitiva e igualdade de méritos a aplicar aos demais solicitantes de admisión a este programa de doutoramento.

Otros (20%). Debido a la estrategia del doctorado, centrado en reforzar las estructuras de universidades de habla española y portuguesa, esta puntuación se reserva al personal de las universidades y centros de investigación asociados a este Programa de Doctorado con las que ya existe un convenio de colaboración y también al personal de otros centros pero que cuentan con proyecto financiado.

- No apartado “Documentación a presentar para a valoración de admisión e méritos pola CAPD”, entre a documentación que se pode presentar para a súa valoración se inclúe unha carta de apoio da institución vinculada ao candidato. A valoración desta carta pode incorrer na vulneración dos principios de admisión que se mencionaron no punto anterior.
- Revisar e reducir o número de horas asignadas ás actividades formativas, xa que, en anteriores convocatorias de modificación, a ACSUG indicou a necesidade de reducilas.
- Cambiar a redacción dos criterios de calidade de xeito que as persoas doutorandas teñan enumerados os requisitos que deben cumprir antes da presentación da súa tese. Recoméndase suprimir a referencia á USC e indicar simplemente que os que se listan son os requisitos obrigatorios do programa de doutoramento. Estes requisitos non deben redactarse en condicional xa que as persoas doutorandas deben posuílos ou non.

Criterios de calidad de la tesis previos a su presentación.

Son una serie de requisitos que son necesarios cumplir antes de la presentación de la tesis por el doctorado para solicitar la autorización de su defensa.

Los requisitos obligatorios establecidos de forma general por la USC para todos los programas son:

- Las actividades de carácter obligatorio que establezca el programa.
- Una contribución científica elaborada por la persona doctoranda y derivada de la tesis que cuente con la aceptación definitiva o esté ya recogida en publicaciones de ámbito y prestigio nacional o internacional relevante en el ámbito de conocimiento de la tesis doctoral. Para la aplicación de lo anterior se seguirán los criterios de la CNEAI para cada campo científico.

La aportación de la persona doctoranda en tal contribución científica debe ser sustancial, y se deberá reflejar claramente su adscripción a la USC. Además, el contenido deberá ajustarse al proyecto de tesis recogido en su plan de investigación. La fecha de aceptación de la contribución deberá estar comprendida dentro del período en el que el doctorando haya estado matriculado en los estudios de doctorado.

No obstante, la CAPD podrá autorizar una tesis para su depósito y defensa sin que se haya derivado de ella todavía tal contribución científica, siempre que a juicio de los evaluadores externos y de la propia CAPD el trabajo presentado por la persona doctoranda sea de calidad y de que sus contenidos evidencien claramente la posibilidad de publicar una o más contribuciones científicas.

Como requisitos de calidad específicos por parte del programa podrían incluirse:

- Tener una patente/marca de garantía/invencción industrial/diseño industrial aprobada por la OEPM (Oficina Española de Patentes y Marcas).
- Haber desarrollado actividades formativas entre las reconocidas por el programa, distintas de las obligatorias para la modalidad de tesis presentada y a los criterios mínimos fijados por la CAPD en cuanto a la difusión de resultados (dos publicaciones y/o una patente), que sumen conjuntamente 100 h (4 ECTS).
- Realización de trámites previos que permitan al programa revisar y evaluar los estándares de calidad mínimos que exigen a las tesis. (Ejemplo: solicitud de informes a expertos nacionales y/o internacionales más allá de los obligatorios, realización de una predefensa,...).

- Seleccionar soamente proxectos de investigación activos, entendendo por activo aquel proxecto que foi desenvolto en parte ou na súa totalidade nos últimos tres anos.
- Seleccionar soamente 25 contribucións e 10 teses dos últimos cinco anos, tal e como se establece no modelo do Ministerio, para incluír nas táboas de contribucións científicas e de tese defendidas.
- Revisar, corrixir erratas e uniformizar os datos incorporados ás táboas.
- Suprimir os textos en vermello que se proporcionaron no modelo de memoria como proposta de posibles textos e cubrir coas especificacións solicitadas ao programa de doutoramento.

3.2. Análise Económica e Estratexia Empresarial

Informe favorable, coas seguintes correccións:

- O primeiro parágrafo do contexto parece indicar que se trata dun novo programa, cando en realidade é unha modificación do implantado en 2014.

1.2. CONTEXTO
CIRCUNSTANCIAS QUE RODEAN AL PROGRAMA DE DOCTORADO
La presente propuesta, actualizada en base a la experiencia desde el anterior Programa Interuniversitario en vigor desde el 2014, responde a la intención de integrar en un mismo programa de doctorado a investigadores, grupos de investigación y a los miembros del Centro de Investigación Interuniversitario ECOBAS (centro colaborador) que pertenecen a las distintas áreas de Economía y de Empresa de las Facultades de Ciencias Económicas y Empresariales de las tres Universidades del Sistema Universitario de Galicia, la U. de A Coruña, la U. de Santiago de Compostela y la U. de Vigo, y quienes realizan investigación de calidad contrastada por sus publicaciones en revistas científicas de prestigio internacional.

- Noméase aos membros da CAPD. Dado que pode haber cambios, recoméndase indicar a composición e participación das universidades pero non indicar os nomes dos membros.
- Indicar a documentación de admisión.
- Por experiencias previas de avaliacións da ACSUG, recoméndase reducir o número e horas asignadas ás seguintes actividades.

ACTIVIDAD 3: Estancias en otros centros de investigación
NÚMERO DE HORAS: 480
DESCRIPCIÓN: DETALLES Y PLANIFICACIÓN
Carácter de la actividad: Optativa dada la ausencia de suficiente presupuesto en las tres universidades para garantizar que todos los estudiantes tengan derecho a disfrutar de al menos una estancia de investigación, bien en otros centros de España o del extranjero.

ACTIVIDAD 6: Redacción de documentos de trabajo
NÚMERO DE HORAS: 400
DESCRIPCIÓN: DETALLES Y PLANIFICACIÓN
Carácter de la actividad: Obligatorio en las condiciones que se explican a continuación. <u>Será obligatorio que el estudiante haya sido coautor de un trabajo derivado de su tesis que haya sido aceptado</u>

- Dado que a universidade coordinadora deste programa de doutoramento é a Universidade de Vigo, a memoria segue o modelo da UVigo e este non inclúe un apartado específico de criterios de calidade. Polo tanto, recoméndase detallar os criterios de calidade, entendidos como os requisitos que debe cumprir a persoa doutoranda antes da defensa da tese. Entre estes criterios atoparanse as actividades formativas de carácter obrigatorio que estableza o programa.
- Cómpre facer unha breve descrición das liñas de investigación, por recomendación da ACSUG.

3.3. Avances e Novas Estratexias en Ciencias Forenses

Informe favorable coas seguintes correccións:

- O informe/aval dun profesor do programa pódese incluír como un requisito específico do programa, pero o contido de dito informe non pode ser un criterio de baremación, xa que podería incorrer na vulneración dos principios de concorrencia competitiva e igualdade de méritos a aplicar aos demais solicitantes de admisión a este Programa de Doutoramento.

La selección de estudiantes para su admisión en el programa se realizará en función de los siguientes criterios, que serán valorados por la CAPD:

- Acuerdo de pretutoría con uno de los miembros del programa perteneciente a una de las tres líneas de investigación, que reúna los requisitos necesarios para ser nombrado director en el programa de doctorado: hasta 6 puntos. A falta de acuerdo previo, la CAPD podrá concertar una entrevista personal con el candidato, a la que podrán asistir, previa invitación de la Comisión, los profesores adscritos al PD

- Valoración del expediente académico y del plan de estudios y su afinidad con el programa, así como de la experiencia profesional y/o investigadora previa: hasta 4 puntos. Para la valoración de este segundo ítem la CAPD podrá concertar, si lo estima necesario, una entrevista personal con el candidato con el objetivo de conocer su motivación, aptitud, capacidad de comunicación, etc.

- Incorporar como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, para que os criterios de calidade se correspondan coas actividades formativas.
- Suprimir os criterios de calidade establecidos como criterios da USC, dado que xa están incluídos nos indicados como criterios do programa.
- Seleccionar soamente 25 contribucións do persoal académico do programa de doutoramento e 10 teses dos últimos cinco anos, tal e como se establece no modelo do Ministerio, para incluír nas táboas de contribucións científicas e de tese defendidas.

3.4. Ciencias da Visión

Memoria non presentada. Coordinador: Universidad de Valladolid.

3.5. Ciencia e Tecnoloxía Química

Informe favorable coa seguinte corrección:

- Engadir unha breve descrición das liñas de investigación, xa que esta é unha das reclamacións da ACSUG no proceso de acreditación dos programas.

3.6. Ciencias Mariñas, Tecnoloxía e Xestión

Informe favorable coas seguintes correccións:

- Na memoria da USC indícase que unha das linguas de docencia no programa é o portugués, non así nas memorias da Universidade de Vigo e Universidade da Coruña.
- Entre os criterios de admisión inclúese o aval dun profesor. O aval dun profesor do programa pódese incluír como un requisito específico do programa, pero o contido de dito informe non pode ser un criterio de baremación, xa que podería incorrer na vulneración dos principios de concorrència competitiva e igualdade de méritos a aplicar aos demais solicitantes de admisión a este programa de doutoramento.
Aval de un investigador-doctor indicando (i) la potencial viabilidad de la futura tesis en el marco de una línea de investigación del programa y (ii) que puede ejercer como persona directora en caso de cumplir los requisitos necesarios para ello (15%).
- Recoméndase reducir o número de horas asignadas ás actividades formativas, xa que, en anteriores convocatorias de modificación, a ACSUG indicou a necesidade de reducilas.
- Incluír unha breve descrición das liñas de investigación, xa que esta é unha das reclamacións da ACSUG no proceso de acreditación dos programas.
- Revisar o texto dos apartados de seguimento e defensa de teses. Faise referencia a normativas de universidades do Sistema Universitario de Galicia pero non á normativa das universidades portuguesas.

3.7. Ciencias Odontolóxicas

Informe favorable coas seguintes correccións:

- Dado que o requisito dun nivel B1 en inglés contéplase como un requisito específico e obrigatorio de acceso ao programa, non pode incluírse como baremo nos criterios de admisión. Indicar como criterio a baremar, se ese é o caso, un nivel superior ao B1 en inglés.
- Entre os requisitos de acceso inclúese o informe dun profesor. O informe/aval dun profesor do programa pódese incluír como un requisito específico do programa, pero o contido de dito informe non pode ser un criterio de baremación, xa que podería incorrer na vulneración dos principios de concorrència competitiva e igualdade de méritos a aplicar aos demais solicitantes de admisión a este Programa de Doutoramento.

Requisitos de acceso: Es requisito obligatorio para la admisión en el programa de doctorado la presentación de un informe por parte del candidato o candidata consistente en una carta de referencia de un profesor o profesora del programa que i) avale la potencial viabilidad de la futura tesis en el marco de una línea de investigación del programa a la que se vincule, y que ii) pudiese ejercer como persona directora en caso de cumplir los requisitos necesarios para ello.

Criterios de admisión: Informe de un Profesor del Programa de Doctorado (30 puntos; 30%)

- Cambiar a redacción dos criterios de calidade de xeito que as persoas doutorandas teñan enumerados os requisitos que deben cumprir antes da presentación da súa tese. Recoméndase suprimir a referencia á USC e indicar simplemente que os que se listan son os requisitos obrigatorios do programa de doutoramento. A documentación asociada á matrícula é só a correspondente aos requisitos de acceso.
- Definir o perfil de egreso e as saídas profesionais para a súa publicación na páxina web de cada programa, co fin de mostrar esta información aos futuros estudantes de doutoramento. Enténdese o perfil de egreso como as competencias e habilidades que desenvolve un estudante tras a realización do programa de doutoramento, e as saídas profesionais como descrición das actividades laborais máis relacionadas cos futuros egresados.
- Engadir as taxas no apartado de “Resultados do Programa de Doutoramento”.
- Engadir o número de teses defendidas en cada liña de investigación.

3.8. Ciencias Sociais e Envellecemento

Informe desfavorable, sendo necesarias as seguintes correccións:

- Cómpre revisar o contido da memoria. Detectáronse algúns erros. Por exemplo:
 - Páxina 1: Entre as universidades participantes non figuran as universidades portuguesas.
 - Páxina 7: Punto 1.3.2: Aparece a UDC. No punto 1.3.2.1 faise referencia á USC e, despois, no punto 1.3.2.2, á EIDUC. Parece que a información non está ben incorporada. Debería ser a UDC neste apartado.
 - 1.3.5: Di UPorto cando debe ser a de Tras-Os-Montes.
 - Páxina 8: Onde di “Escuela Internacional de Doctorado de la Universidad de Santiago de Compostela” debe dicir: “1.3.1.2: Escola de Doutoramento Internacional da USC”.
 - Páxinas 8 e 9: Aparecen dúas referencias á Escola de Doutoramento da USC na parte correspondente ás universidades portuguesas.
 - Páxina 18: Faise referencia ao RD 1393/2007 e debería ser ao RD 99/2011.
- Aínda que o programa é interuniversitario, nalgúns apartados da memoria soamente se fai referencia á normativa e procedementos dunha universidade. Por exemplo, nos apartados: “5.2: Seguimiento del Doctorando”, “6.2. Mecanismos de cómputo de la labor de tutorización y dirección de tesis”, “8.1. Sistema de Garantía de Calidade”, “Procedimiento de captación de nuevas personas doctorandas”. Proponse usar a fórmula utilizada polo programa no seguinte apartado:

5.3 NORMATIVA PARA LA PRESENTACIÓN Y LECTURA DE TESIS DOCTORALES

La presentación y lectura de tesis doctorales se ajustan a lo establecido en el [Real Decreto 99/2011, modificado por el RD 576/2023](#), por el que se regulan las enseñanzas oficiales de doctorado y en la normativa específica de la Universidad de Vigo y de las demás universidades participantes en el programa.

La normativa general será la de la Universidad de Vigo, pero en cada universidad participante se aplicará la normativa específica recogida en su reglamento. Los respectivos Reglamentos de Estudios de Doctorado están disponibles en los siguientes enlaces:

- O informe/aval dun profesor do programa pódese incluír como un requisito específico do programa, pero o contido de dito informe non pode ser un criterio de baremación, xa que podería incorrer na vulneración dos principios de concorrencia competitiva e igualdade de méritos a aplicar aos demais solicitantes de admisión a este Programa de Doutoramento.
- Proporcionar datos globais e unha análise dos mesmos no apartado “Resultados do programa”. Neste senso, detectouse que hai teses doutros programas. Deberían ser resultados dos profesores pero non do programa.
- Non se inclúe a matrícula por universidades nin a demanda real en cada unha das sedes. Podería incluírse información da demanda.
- Dado que é un programa interuniversitario recoméndase incidir nas interrelacións das universidades e o funcionamento das CAPD.
- Recoméndase ampliar os apartados de “Información previa” e “Acollida” da USC.
- Detectouse unha inconsistencia no punto 3.4. Di que non se consideran necesarios os complementos formativos pero no apartado de admisión di que se poderán asignar complementos formativos aos doutorandos que non cumpran co perfil de ingreso.
- Revisar o número de horas asignadas ás actividades formativas. En anteriores convocatorias de modificación, a ACSUG indicou a necesidade de reducilas.
- Dado que a defensa do plan de investigación aparece como obrigatoria para a presentación da tese, esta actividade debe ter carácter obrigatorio.
- Incluír unha breve descrición das liñas de investigación, xa que esta é unha das reclamacións da ACSUG no proceso de acreditación dos programas.

3.9. Comunicación e Información Contemporánea

Informe desfavorable, sendo necesarias as seguintes correccións:

- Sintetizar o apartado “Contexto”. Inclúense as estancias realizadas polos doutorandos, identificadas cos seus nomes e apelidos, ou a participación en grupos de investigación. Recoméndase indicar eses datos de xeito resumido no apartado de resultados, sen facer unha listaxe con datos persoais.
- Incorporar como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, para que se correspondan os criterios de calidade coas actividades formativas.
- Revisar os datos solicitados pola memoria no apartado “Estudantes”. Pídese un número, non unha porcentaxe.

<i>Nº total de estudantes estimados que se matricularán:</i>	<i>78,20%</i>
<i>Nº total de estudantes previstos de outros países:</i>	<i>33,40</i>
- Indicar as saídas profesionais, que serán publicadas na páxina web de cada programa, co fin de mostrar esta información aos futuros estudantes de doutoramento. Enténdese por saídas profesionais a descrición das actividades laborais máis relacionadas cos futuros egresados.
- Proporcionar datos globais e unha análise dos mesmos no apartado “Resultados do programa”, mellor que unha listaxe.
- Cubrir todas as taxas e indicadores que se solicitan na memoria.
- Suprimir os textos en vermello que se proporcionaron no modelo de memoria como proposta de posible redacción e cubrir coas especificacións solicitadas ao Programa de Doutoramento.

3.10. Dereito

Informe favorable coas seguintes correccións:

- Recoméndase incluír indicadores que reflectan a demanda anual, as solicitudes aceptadas e os abandonos.
- Revisar o número de horas asignadas á Actividade 4 (750 horas). En anteriores convocatorias de modificación, a ACSUG indicou a necesidade de reducilas.

3.11. Desenvolvemento Rexional e Integración Económica

Memoria non presentada. Coordinador: Universidade de Santiago de Compostela.

Ao non presentarse memoria comezase o proceso de extinción nos prazos oficiais

3.12. Didáctica das Ciencias Experimentais

Memoria non presentada. Coordinador: Universidad de Murcia.

3.13. Economía e Empresa

Informe favorable coas seguintes correccións:

- Incorporar como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, para que se correspondan os criterios de calidade coas actividades formativas.
- Cambiar a redacción dos criterios de calidade de xeito que as persoas doutorandas teñan enumerados os requisitos que deben cumprir antes da presentación da súa tese. Recoméndase suprimir a referencia á USC e indicar simplemente que os que se listan son os requisitos obrigatorios do programa de doutoramento.
- Seleccionar soamente 25 contribucións e 10 teses dos últimos cinco anos, tal e como se establece no modelo do Ministerio, para incluír nas táboas de contribucións científicas e de tese defendidas.
- Revisar os datos referentes aos sexenios incluídos na táboa de profesorado do Programa de Doutoramento.
- Revisar os datos introducidos nas táboas para corrixir erratas.

3.14. Endocrinoloxía

Informe desfavorable, sendo necesarias as seguintes correccións:

- Este programa empregou o modelo de memoria do 2025/26 en lugar do modelo do 2026/27. No modelo que usaron non estaban actualizadas as ligazóns á páxina web da USC. A normativa e os procedementos non se corresponden cos vixentes.
- Quitar “experiencia investigadora” e “proposta de investigación” no apartado de “Requisitos específicos”, xa que estes son criterios de admisión.
- No apartado “Documentación a presentar”, suprimir a “declaración jurada”, dado que esa documentación xa se presenta no momento da admisión.

- Quitar o texto de observacións no apartado “Actividades formativas”.
- Incorporar como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, para que se correspondan os criterios de calidade coas actividades formativas.
- Cambiar a redacción dos criterios de calidade de xeito que as persoas doutorandas teñan enumerados os requisitos que deben cumprir antes da presentación da súa tese. Estes requisitos non deben redactarse en condicional xa que as persoas doutorandas deben posuílos ou non.
- Páxina 14: A asignación dun director de tese ten que ser como máximo aos tres meses da matrícula do alumno, non aos seis meses.
- No que respecta aos distintos procedementos e normativas, cambiar o texto para incluír os de Vigo. Hai dúas opcións de redacción: Modificar o texto dunha forma máis xeral e que non faga referencia só á normativa da USC/EDIUS, ou incorporar a continuación os procedementos e órganos da Universidade de Vigo.
- Engadir a táboa de recursos humanos.
- Cubrir todas as taxas e indicadores que se solicitan na memoria.

3.15. Enerxías Renovables e Sustentabilidade Enerxética

Informe favorable coas seguintes correccións:

- Páxina 13. Recoméndase, no apartado de complementos de formación, non incorporar como tales materias de titulacións concretas, tendo en conta que poden cambiar e a memoria quedaría incorrecta.
- Dado que un dos requisitos específicos e obrigatorios de acceso ao programa é o nivel B1 de inglés, nos criterios de admisión non se pode baremar un nivel “B2 ou superior”. Debe valorarse un nivel superior ao B2.
- A “Actividade 3: Publicación dun artigo” debe ter carácter obrigatorio, en consonancia cos criterios de calidade.
- Cambiar a redacción dos criterios de calidade de xeito que as persoas doutorandas teñan enumerados os requisitos que deben cumprir antes da presentación da súa tese. Recoméndase suprimir a referencia á USC e indicar simplemente que os que se listan son os requisitos obrigatorios do programa de doutoramento.
- Seleccionar soamente proxectos de investigación activos, entendendo por activo aquel proxecto que foi desenvolto en parte ou na súa totalidade nos últimos tres anos.
- No apartado de complementos formativos indicar materias que considere a CAPD na área e máster de modo xeral, sen especificar de modo concreto as materias e programas.
- Seleccionar soamente 25 contribucións e 10 teses dos últimos cinco anos, tal e como se establece no modelo do Ministerio, para incluír nas táboas de contribucións científicas e de tese defendidas.

3.16. Enxeñaría Termodinámica de Fluídos

Memoria non presentada. Coordinador: Universidad de Valladolid.

3.17. Equidade e Innovación en Educación

Informe favorable coas seguintes correccións:

- A redacción do seguinte criterio de admisión ten carácter obrigatorio polo que debería indicarse no apartado “Requisitos específicos do programa”.
Los candidatos/as de otros países deberán acreditar un dominio B2 (otorgado por una institución oficial) de las lenguas establecidas en esta memoria del PD.
- Incluír a documentación de admisión.
- Incorporar como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, para que se correspondan os criterios de calidade coas actividades formativas.
- Os criterios de calidade da tese soamente se establecen no apartado da USC e deberían ser comúns para todos os alumnos do programa con independencia da universidade na que se matriculen.
- Definir o perfil de egreso e as saídas profesionais para a súa publicación na páxina web de cada programa, co fin de mostrar esta información aos futuros estudantes de doutoramento. Enténdese o perfil de egreso como as competencias e habilidades que desenvolve un estudante tras a realización do programa de doutoramento, e as saídas profesionais como descrición das actividades laborais máis relacionadas cos futuros egresados.

3.18. Estatística e Investigación Operativa

Informe desfavorable, sendo necesarias as seguintes correccións:

- No perfil de ingreso, recoméndase non incorporar como tales titulacións concretas, tendo en conta que poden cambiar e a memoria quedaría incorrecta.
- Os criterios de calidade, entendidos como os requisitos mínimos que ten que ter unha persoa doutoranda antes do depósito da súa tese, non poden ser diferentes en cada universidade cando se trata dun programa interuniversitario, xa que a todos se lles expedirá o mesmo título.
- No caso de establecer uns criterios de calidade comúns, estes requisitos deberán reflectirse como actividades formativas de carácter obrigatorio.
- Seleccionar soamente 10 teses dos últimos cinco anos, tal e como se establece no modelo do Ministerio, para incluír nas táboas de contribucións científicas e de tese defendidas.
- No apartado de complementos formativos indicar materias que considere a CAPD na área e máster de modo xeral, sen especificar de modo concreto as materias e programas.
- Na Actividade 1 se indica cursos de máster. Cómpre aclarar este aspecto.
- As táboas de recursos humanos están duplicadas.
- As fichas de investigadores que se incorporan ao final da memoria e da táboa de recursos humanos son documentación de uso interno do SXOPRA.

3.19. Estudos Ingleses Avanzados: Lingüística, Literatura e Cultura

Informe favorable coas seguintes correccións:

- Agrupan as 7 liñas que tiña o programa en dúas, pero esta explicación debe ir no resumo das modificacións realizadas en vez de na propia memoria.
- Incorporar como actividade formativa de carácter obrigatorio a publicación dun artigo, para que se correspondan os criterios de calidade coas actividades formativas.
- Cambiar a redacción dos criterios de calidade de xeito que as persoas doutorandas teñan enumerados os requisitos que deben cumprir antes da presentación da súa tese. Recoméndase suprimir a referencia á USC e indicar simplemente que os que se listan son os requisitos obrigatorios do programa de doutoramento.
- Definir o perfil de egreso e as saídas profesionais para a súa publicación na páxina web de cada programa, co fin de mostrar esta información aos futuros estudantes de doutoramento. Enténdese por perfil de egreso as competencias e habilidades que desenvolve un estudante logo de realizar o programa de doutoramento. As saídas profesionais son as actividades laborais máis relacionadas cos futuros egresados.
